



Manuel Bautís Cheda, Secretario do Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia-
 Consellería do Mar-Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

Que o día 26 de marzo de 2015 reunéuse en sesión celebrada en segunda convocatoria o Consello de Administración do Ente Público Portos de Galicia, e adoptou entre outros, o seguinte acordo:

INFORME-PROPOSTA

proposta de modificación da limitación de prestadores para o outorgamento de autorizacións para realizar actividades inherentes á prestación de servizo de pasaxe no porto de Cangas, limitación no porto de Baiona e eliminación da limitación en Portonovo, así como proposta de ratificación das modificacións realizadas no prego de bases aprobado

O réxime previsto na lexislación portuaria estatal de aplicación supletoria, artigo 111 do real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante, establece que a administración portuaria, de estimalo así preciso, poderá efectuar convocatorias públicas cara o outorgamento de autorizacións, o que en consecuencia implicará a limitación do número de prestadores e esixira a elaboración dun prego de bases polo que se rexerá o concurso.

Na súa sesión do día 5 de marzo de 2009, o Consello de Administración de Portos de Galicia aprobou o prego de condicións xerais polas que rexerían as actividades inherentes á prestación de servizo ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posteriormente, en data 11 de abril de 2012, o Consello de Administración de Portos de Galicia aproba unha modificación deste prego de bases e acorda limitar o número de prestadores nos portos de Cangas e Portonovo.

No caso concreto de **Cangas**, naquelas datas propúñase limitar o número de atraques a dous e o número de operadores a 4, dous por cada atraque.

Non obstante, visto o volume de pasaxeiros que embarcan e desembarcan no porto de Cangas que o maior rexistrado nos portos dependentes da Comunidade autónoma, acadando valores de preto de 415.000 usuarios/ano, e tendo en conta que neste porto conviven o tráfico de pasaxeiros regular Cangas -Vigo, co esporádico as Illas Cíes, e polo que se considera conveniente realizar unha separación física por tipoloxía de tráfico, agás que sexan realizados pola mesma empresa operadora.

Polo tanto analizada a dispoñibilidade de atraque, apto para realizar tráfico de pasaxeiros, as rutas e liñas realizadas desde Cangas e as empresas que operan na actualidade, considérase oportuno modificar a proposta de limitación de atraques aprobada o 11.04.2012, habilitando 4 atraque na terminal de pasaxeiros (segundo plano adxunto): Pantalán nº1 (lateral norte); Pantalán nº2 (lateral Sur); Escaleira nº 3 (lateral norte) e Escaleira nº4 (lateral Sur). Deste xeito amplíase a capacidade de embarque/desembarque de pasaxeiros do porto pero propónse manter a limitación de operadores a 4 para poder outorgar un atraque de xeito exclusivo a cada empresa operadora, para eliminar as interferencias que de forma cotiá se están a producir entre elas.

Os atraques Pantalán nº1 e Pantalán nº2, propónse que sexan destinados a dúas empresas que realicen o tráfico regular continuado Cangas -Vigo, permitindo non obstante que tamén realicen embarque/desembarque de pasaxeiros de liñas non consideradas como regulares operados por cada unha das empresas autorizadas.

Os atraques Escaleira nº3 e Escaleira nº4 destinábase exclusivamente a empresas que soamente realizan tráfico esporádico.

No prego de prescrición particulares de cada porto limitáranse as dimensións máximas do buque tipo que poderá concorrer a cada atraque.

No caso de **Baiona** propónse limitar o número de atraques habilitados para o tráfico de pasaxeiros, a dous, en cada un dos laterais do pantalán de pasaxe construído para tal fin, limitando a concorrencia a dúas empresa operadoras, un por cada atraque, seguindo o mesmo criterio que en Cangas en aras de eliminar as interferencias entre operadores.

No caso de **Portonovo** propónse eliminar proposta limitación aprobada e que nunca se chegou a formalizar mediante selección mediante concurso público, xa que polo volume de pasaxeiros rexistrados, tipoloxía de tráfico, período e intensidade non se considera necesario manter a limitación.

A limitación en ambos portos xustificábase pola carencia dun maior número de atraques neles que posibiliten o atraque deste tipo de embarcación, non sendo viable, en base a capacidade do porto e os restantes usos que nel se desenvolven, por a disposición novos puntos de atraque.

Tamén se da conta de que o prego aprobado na sesión do 11 de abril de 2012 do consello de administración de Portos de Galicia, foi lixeiramente modificado para adaptalo a modificacións puntuais da lei de contratos do sector público, e ás recomendacións da asesoría xurídica de Portos de Galicia, o que inclúe a adaptación dos criterios de valoración. Por ese motivo redactouse un novo prego de bases do procedemento multicriterio correspondente, xeneral para todos os portos, particularizando no anexo III as condicións específicas de cada porto.

Nesta adaptación do prego de bases mantense a consideración de valorar moi positivamente o compromiso de realizar tráfico regular de ría (p.e. Cangas- Vigo), pero neste caso incluíuse este criterio de xeito xeral para todos



Idem

10/04/15



os portos, tentando contribuír a potenciación do tráfico marítimo en lugar do tráfico por estrada. Concretamente reflíctese dentro dos criterios obxectivos do baremo os puntos A.1 e A.2, que valora positivamente os tráxicos regulares ofertados.

Polas razóns obxectivas expostas derivadas da dispoñibilidade de espazos e da capacidade das instalacións, considerando a demanda actual e a potencial dos portos de Cangas e Baiona, sobre a base de regular e incluír o maior número posible de prestadores e sen prexuízo de que na medida en que se alteren as causas que a motivaron, a dita limitación poida ser reversible total ou parcialmente, esta Dirección propón:

Primeiro: Limitar o número máximo de prestadores no porto de **Cangas**, a catro que operarán en catro atraques, e en consecuencia efectuar unha convocatoria pública de concurso neste porto con suxeición ás condicións establecidas prego de bases tipo as prescricións particulares que lle sexan de aplicación.

Segundo: Limitar o número máximo de prestadores no porto de **Baiona**, a dous que operarán en dous atraques, e en consecuencia efectuar unha convocatoria pública de concurso neste porto con suxeición ás condicións establecidas prego de bases tipo as prescricións particulares que lle sexan de aplicación.

Segundo: Eliminar a limitación do número máximo de prestadores no porto de **Portonovo**, por considerarse que polo volume de pasaxeiros rexistrados, tipoloxía de tráxicos, período e intensidade non é necesario manter a limitación.

Terceiro: Ratificar a modificación do prego de bases do procedemento multicriterio, de aplicación xeral a tódolos portos da Comunidade Autónoma de Galicia nas convocatorias públicas abertas para tal fin. O dito prego de bases foi visado favorablemente pola Asesoría Xurídica de Portos de Galicia o 22.01.2015 en relación o procedemento convocado para o porto do Grove. Achegase prego visado á proposta.

Votos en contra: ningún.


Abstencións: votan abstención o vocal D^a Concepción Maceira Mirás.

Por maioría dos membros asistentes presentes con dereito a voto, e coas delegacións de voto efectuadas, acordase a aprobación, polo Consello de Administración, da proposta de modificación da limitación de prestadores para o outorgamento de autorizacións para realizar actividades inherentes á prestación de servizo de pasaxe no porto de Cangas, limitación no porto de Baiona e eliminación da limitación en Portonovo, así como proposta de ratificación das modificacións realizadas no prego de bases aprobado.

O que se fai constar co visto e prace do Presidente do Consello, en Santiago de Compostela a 26 de marzo de 2015, dacordo cos artigos 18.3 e 20.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como co artigo 25.3.f) da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, facéndose referencia á circunstancia de que a acta da sesión de referencia esta pendente de aprobación.


Vº E PRACE

O PRESIDENTE,



José Juan Durán Heróndez

O SECRETARIO,





INFORME-PROPOSTA

proposta de modificación da limitación de prestadores para o outorgamento de autorizacións para realizar actividades inherentes á prestación de servizo de pasaxe no porto de Cangas, limitación no porto de Baiona e eliminación da limitación en Portonovo, así como proposta de ratificación das modificacións realizadas no prego de bases aprobado

O réxime previsto na lexislación portuaria estatal de aplicación supletoria, artigo 111 do real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do estado e da mariña mercante, establece que a administración portuaria, de estimalo así preciso, poderá efectuar convocatorias públicas para o outorgamento de autorizacións, o que en consecuencia implicará a limitación do número de prestadores e esixira a elaboración dun prego de bases polo que se rexerá o concurso.

Na súa sesión do día 5 de marzo de 2009, o Consello de Administración de Portos de Galicia aprobou o prego de condicións xerais polas que rexerían as actividades inherentes á prestación de servizo ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

Posteriormente, en data 11 de abril de 2012, o Consello de Administración de Portos de Galicia aproba unha modificación deste prego de bases e acorda limitar o número de prestadores nos portos de Cangas e Portonovo.

No caso concreto de **Cangas**, naquelas datas propúñase limitar o número de atraques a dous e o número de operadores a 4, dous por cada atraque.

Non obstante, visto o volume de pasaxeiros que embarcan e desembarcan no porto de Cangas que o maior rexistrado nos portos dependentes da Comunidade autónoma, acadando valores de preto de 415 000 usuarios/ano, e tendo en conta que neste porto conviven o tráfico de pasaxeiros regular Cangas -Vigo, co esporádico as Illas Cies, e polo que se considera conveniente realizar unha separación física por tipoloxía de tráfico, agás que sexan realizados pola mesma empresa operadora.

Polo tanto analizada a dispoñibilidade de atraque, apto para realizar tráfico de pasaxeiros, as rutas e liñas realizadas desde Cangas e as empresas que operan na actualidade, considérase oportuno modificar a proposta de limitación de atraques aprobada o 11.04.2012, habilitando 4 atraque na terminal de pasaxeiros (segundo plano adxunto): Pantalán nº1 (lateral norte); Pantalán nº2 (lateral Sur); Escaleira nº 3 (lateral norte) e Escaleira nº4 (lateral Sur). Deste xeito ampliase a capacidade de embarque/desembarque de pasaxeiros do porto pero propónse manter a limitación de operadores a 4 para poder outorgar un atraque de xeito exclusivo a cada empresa operadora, para eliminar as interferencias que de forma cotiá se están a producir entre elas.

Os atraques Pantalán nº1 e Pantalán nº2, propónse que sexan destinados a dúas empresas que realicen o tráfico regular continuado Cangas -Vigo, permitindo non obstante que tamén realicen embarque/desembarque de pasaxeiros de liñas non consideradas como regulares operados por cada unha das empresas autorizadas.

Os atraques Escaleira nº3 e Escaleira nº4 destínase exclusivamente a empresas que soamente realizan tráfico esporádico.

No prego de prescrición particulares de cada porto limitaranse as dimensións máximas do buque tipo que poderá concorrer a cada atraque.

No caso de **Baiona** propónse limitar o número de atraques habilitados para o tráfico de pasaxeiros, a dous, en cada un dos laterais do pantalán de pasaxe construído para tal fin, limitando a concorrencia a dúas empresa operadoras, un por cada atraque, seguindo o mesmo criterio que en Cangas en aras de eliminar as interferencias entre operadores.

No caso de **Portonovo** propónse eliminar proposta limitación aprobada o que nunca se chegou a formalizar mediante selección mediante concurso público, xa que polo volume de pasaxeiros rexistrados, tipoloxía de tráfico, período e intensidade non se considera necesario manter a limitación.



A limitación en ambos portos xustificase pola carencia dun maior número de atraques neles que possibiliten o atraque deste tipo de embarcación, non sendo viable, en base a capacidade do porto e os restantes usos que nel se desenvolven, por a disposición novos puntos de atraque.

Tamén se da conta de que o prego aprobado na sesión do 11 de abril de 2012 do consello de administración de Portos de Galicia, foi lixeiramente modificado para adaptalo a modificacións puntuais da lei de contratos do sector público, e ás recomendacións da asesoría xurídica de Portos de Galicia, o que inclúe a adaptación dos criterios de valoración. Por ese motivo redactouse un novo prego de bases do procedemento multicriterio correspondente, xeneral para todos os portos, particularizando no anexo III as condicións específicas de cada porto.

Nesta adaptación do prego de bases mantense a consideración de valorar moi positivamente o compromiso de realizar tráfico regular de ría (p.e. Cangas- Vigo), pero neste caso incluíuse este criterio de xeito xeral para todos os portos, tentando contribuír a potenciación do tráfico marítimo en lugar do tráfico por estrada. Concretamente reflíctese dentro dos criterios obxectivos do baremo os puntos A.1 e A.2, que valora positivamente os tráficos regulares ofertados.

Polas razóns obxectivas expostas derivadas da dispoñibilidade de espazos e da capacidade das instalacións, considerando a demanda actual e a potencial dos portos de Cangas e Baiona, sobre a base de regular e incluír o maior número posible de prestadores e sen prexuízo de que na medida en que se alteren as causas que a motivaron, a dita limitación poida ser reversible total ou parcialmente, esta Dirección propón:

Primeiro: Limitar o número máximo de prestadores no porto de **Cangas**, a catro que operarán en catro atraques, e en consecuencia efectuar unha convocatoria pública de concurso neste porto con suxeición ás condicións establecidas prego de bases tipo as prescricións particulares que lle sexan de aplicación.


Segundo: Limitar o número máximo de prestadores no porto de **Baiona**, a dous que operarán en dous atraques, e en consecuencia efectuar unha convocatoria pública de concurso neste porto con suxeición ás condicións establecidas prego de bases tipo as prescricións particulares que lle sexan de aplicación.

Segundo: Eliminar a limitación do número máximo de prestadores no porto de **Portonovo**, por considerarse que polo volume de pasaxeiros rexistrados, tipoloxía de tráficos, período e intensidade non é necesario manter a limitación.

Terceiro: Ratificar a modificación do prego de bases do procedemento multicriterio, de aplicación xeral a tódolos portos da Comunidade Autónoma de Galicia nas convocatorias públicas abertas para tal fin. O dito prego de bases foi visado favorablemente pola Asesoría Xurídica de Portos de Galicia o 22.01.2015 en relación o procedemento convocado para o porto do Grove. Achegase prego visado á proposta.

Santiago de Compostela

O director



José Ignacio Villar García